



**Departamento de Cultura**  
Biblioteca Municipal  
A Perillana, 9 -11  
36860 Ponteareas  
e-mail: [departamentocultura@ponteareas.es](mailto:departamentocultura@ponteareas.es)  
Teléfonos: 986/661674

## **CONCELLO DE PONTEAREAS**

### ***BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE MAIORES 2015***

1.- Poderán participar no concurso de disfraces de maiores, que terá lugar o sábado, día 14 de febreiro de 2015 na Praza Maior de Ponteareas, todas as persoas ou grupos cunha idade mínima de 16 anos.

Os interesados en participar anotaranse na mesma praza, a partir das 21:00 horas.

2.- Establécense os seguintes premios:

- Primeiro premio: unha fin de semana para dúas persoas nunha casa rural en réxime de aloxamento.
- Segundo premio: unha fin de semana para dúas persoas nun hotel en réxime de aloxamento.
- Terceiro premio: unha cea para dúas persoas nun restaurante da localidade.

Os premios recollidas nestas bases, por un importe máximo de 500.-euros, concederanse con cargo a partida 33000/48000 do orzamento municipal do ano 2015.

3.- O xurado estará integrado por persoas de asociacións culturais e persoas vinculadas coas asociacións participantes nas actividades do Entroido.

4.- O xurado valorará a orixinalidade, colorido dos disfraces, o traballo e bo gusto na súa realización. Valoraranse especialmente aqueles disfraces que sexan de confección artesanal. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

5.- Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso de disfraces supón a aceptación das presentes bases.

6.- En caso de choiva, a organización decidirá se traslada o concurso a un recinto cuberto, se o cambia de data ou a súa cancelación.

Ponteareas, xaneiro de 2015.